

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA O PERÍODO DE EXTRACCIÓN DE SEMENTE DE MEXILLÓN EN ROCHA DENTRO DO ÁMBITO TERRITORIAL DE COMPETENCIA DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO

### ANTECEDENTES

1. O 9.04.2026 reúnese a Comisión do Mexillón e, entre outras cuestións, avalíase a evolución da campaña de extracción de mexilla en bancos naturais.

Vista a evolución da campaña de extracción, así como o estado da semente de mexillón en bancos naturais, segundo a información recollida na análise das poboacións de semente de mexillón (*Mytilus galloprovincialis*) en hábitats intermareais rochosos, nas provincias de A Coruña e Pontevedra, realizadas polo Centro Tecnolóxico do Mar e o Centro de Investigacións Mariñas de Galicia, solicitan ampliar o prazo de recolección de mexilla ata o 31 de maio de 2026.

2. O 28.04.2026 o subdirector xeral de Acuicultura e o xefe do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura emiten un informe no que indican que non se observa ningún inconveniente en que se amplíe o prazo para a extracción de semente de mexillón en rocha, agás no ámbito do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, sendo o último día do prazo concedido o 31.05.2026, cunha serie de condicións.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia, modificado polo Decreto 338/1999, do 3 de decembro, dispón que as condicións das habilitacións para o abastecemento de semente en banco natural, as zonas e períodos de extracción e as cantidades máximas a extraer en cada zona, se regularán mediante Orde da consellería competente en materia de acuicultura.

2. Por Orde do 26 de outubro do 2000 régúlase a extracción de semente de mexillón en bancos naturais, e dispón no seu artigo 4 como período de extracción o comprendido entre o 1 de decembro e o 30 de abril. Á súa vez establécese que se prohíbe a extracción de semente os sábados, domingos e festivos.

3. A disposición adicional da Orde do 26 de outubro do 2000 establece que en función das características conxunturais de cada campaña e cando o seguimento e avaliación dos recursos o aconselle, a dirección territorial, dentro do ámbito da súa competencia, poderá modificar as zonas, cantidades e períodos de extracción mediante resolución motivada que deberá ser comunicada aos interesados.





4. A Orde do 19 de decembro de 2024, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027, e nas resolucións de adaptación dos plans de xestión de percebe, establécense zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón e zonas de explotación exclusiva de percebe, e as coordenadas xeográficas das destas.

5. O Decreto 90/2021, do 26 de maio, polo que se modifica o Decreto 148/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, no apartado 4.3.1.4. (Normativa da Zona I de uso limitado do Anexo II) establece que *"Quedan expresamente prohibidos todo tipo de aproveitamentos de recursos naturais, incluída a actividade forestal, excepto os cultivos tradicionais e aproveitamentos tradicionais de recursos mariños, que serán autorizables cando se leven a cabo de acordo co establecido pola Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia e cando non supoñan un impacto negativo sobre o estado de conservación dos ecosistemas, sobre os hábitats de interese comunitario, os hábitats das especies de interese para a conservación nin as propias especies de interese para a conservación"*.

6. O informe do subdirector xeral de Acuicultura e o xefe do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura do 29.04.2026 indica que:

*"O Centro de Investigacións Mariñas de Galicia (CIMA) informa que os resultados acadados durante as campañas de mostraxe no marco do proxecto APROMEX demostran que nos próximos meses é posible unha maior dispoñibilidade de recurso para ser extraído. Por outra parte os datos de declaracións de recollida de mexilla en banco natural no que vai da campaña 2026 amosan un incremento na extracción de mexilla en bancos naturais o que confirma a afirmación anterior.*

*Por outra parte, os resultados dos informes de recontos larvários feitos en colaboración co laboratorio de inmunoloxía (CINBIO) da Universidade de Vigo (UVIGO) e o Centro de Investigacións mariñas (CIMA) – que se poden consultar en: [http://www.intecmar.gal/informacion/fito/informes/I\\_Larvas2.aspx](http://www.intecmar.gal/informacion/fito/informes/I_Larvas2.aspx). amosan dende o mes de febreiro un incremento da presenza de larvas de mexillón que poden dar lugar nos próximos meses a un incremento da poboacións de mexilla.*

*Á vista do acordo acadado na reunión da Comisión do Mexillón do día 9.04.2026, e tendo en conta as posibles necesidades concretas para completar o abastecemento de semente de mexillón nalgunhas bateas, non se observa ningún inconveniente en que se amplíe o prazo para a extracción de semente de mexillón en rocha, agás no ámbito do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, sendo o último día do prazo concedido o 31.05.2026."*





De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

**1.** Ampliar, con carácter extraordinario, o período de extracción de semente de mexillón en rocha, disposto na Orde de 26 de outubro do 2000, dentro do ámbito territorial de competencia deste departamento **ata o 31.05.2026**, baixo as seguintes condicións:

- A recolección realizarase no horario comprendido entre as 7:00 e as 20:00 horas, non estando permitida en sábados, domingos e festivos.
- Respetarase a limitación de zonas que se regulan na Orde do 19 de decembro de 2024, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027, e de selo caso nas resolucións de adaptación dos plans de xestión de percebe, que inclúen zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón e zonas de explotación exclusiva de percebe, e as coordenadas xeográficas das destas establece zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón e zonas de explotación exclusiva de percebe, e as coordenadas xeográficas das destas.

Estas zonas pódense consultar na páxina web de Pesca de Galicia: [https://www.pescadegalicia.gal/gl/zonasreservamexilla\\_zonsexclusivaspercebe](https://www.pescadegalicia.gal/gl/zonasreservamexilla_zonsexclusivaspercebe).

- A extracción de semente de mexillón no ámbito do Parque natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán está suxeita á previa autorización do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático na Coruña.
- As declaracións de mexilla deberán ser realizadas mediante a aplicación MOVVIC, que se pode descargar dende as tendas de descarga de aplicacións móbiles

**2.** Non autorizar a ampliación do período de extracción de semente de mexillón no ámbito do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes ante persoa titular da Consellería do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura dixital  
A directora territorial

